



PROCESO DE SELECCIÓN DE FUNCIONARIO INTERINO PARA O POSTO DE INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS.

RESULTADO DO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN, RESULTADO DA FASE DE CONCURSO e PROPOSTA DE CANDIDATO SELECCIONADO.

Ás 15:30 horas do día 28 de abril de 2015 constituíuse o Tribunal de Selección na Sala de Xuntas do Concello de Salceda de Caselas, formado polas seguintes persoas:

PRESIDENTE/A

Titular: María Rosa Del Riego Santos

SECRETARIO:

Titular: Carlos López Quintáns

VOGAIS:

- 1 Titular: Susana Gallardo Fariña
- 2 Titular: Beatriz Isla Carballo
- 3 Titular: Carlos Piñeiro Sarmiento

Ás 16:15 horas do día 28 de abril de 2015 fíxose chamamento para a realización do exercicio da fase de oposición.

Unha vez realizado o exercicio, e de acordo coas bases de selección publicadas no BOP de Pontevedra nº 55 de 23 de marzo de 2015 faise público o resultado do exercicio da fase de oposición, o resultado da fase de concurso e fórmulase proposta de candidato seleccionado.

FASE OPOSICIÓN

Cualificarase entre cero (0) e vinte (20) puntos, sendo necesario obter un mínimo de dez (10) puntos para superar este exercicio.

CANDIDATOS	PUNTUACIÓN
Vila Rodríguez, Raúl. DNI: 53183361R	10 PUNTOS.
Gallástegui Baamonde, Juan Ramón. DNI: 44848501L	NON PRESENTADO





Supera a fase de oposición D. Raúl Vila Rodríguez e procédese á valoración dos méritos presentados.

FASE DE CONCURSO

VALORACIÓN DE MÉRITOS PRESENTADOS POR D. RAÚL VILA RODRÍGUEZ

-Por experiencia profesional desenvolvida na administración: **0,26 puntos.**

-Pola realización de cursos impartidos por centros oficiais de formación, por Administracións Públicas, Universidades e cursos derivados de acordos de formación continua das Administracións Públicas dentro da súa labor de formación e capacitación de personal; nos seguintes sectores: urbanismo, informática, xestión económica financeira, tesourería e recadación, contabilidade, lexislación xeral e sectorial relacionada coa Administración local: **0,40 puntos.**

LISTA PUNTUACIÓN FINAL

CANDIDATOS	PUNTUACIÓN FASE OPOSICIÓN	PUNTUACIÓN FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN FINAL
1.) Vila Rodríguez, Raúl. DNI: 53183361R	10	0,66	10,66

O tribunal de selección propón como candidato a seleccionar a D. Raúl Vila Rodríguez con DNI 53.183.361R.

De conformidade coas bases de selección, D. Raúl Vila Rodríguez dispón do prazo de tres días hábiles (rematando o mesmo o día 4 de maio de 2015) para presentar no Rexistro Xeral do Concello de Salceda de Caselas os documentos que se especifican seguidamente:

— Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, nin estar incurso nos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 do decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

— Certificado médico de non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas.

— Fotocopia da cartilla da S.S.

— Nº de conta bancaria que sexa da súa titularidade (CÓDIGO IBAN).





Contra os acordos do Tribunal Cualificador por ser un acto de trámite cualificado, poderase interpoñer polos interesados, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante o sr. Alcalde, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, consonte ao establecido no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estime procedente consonte a dereito.

Salceda de Caselas, 29 de abril de 2015

O SECRETARIO

Carlos López Quintáns

